



Bases

1 - Poden participar no programa os alumnos de educación infantil, primaria, secundaria, especial, bacharelato e formación profesional de calquera centro escolar de Galicia, escolas obradoiro e asociacións.

2 - A participación será por equipos, baixo a dirección dun ou varios profesores ou educadores. Dadas as características do programa, considérase fundamental a colaboración de toda a comunidade escolar, mesmo cando a realización concreta do proxecto recaia sobre un equipo de profesores e se centre nun nivel determinado ou nun grupo de alumnos.

3 - A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, recoñecerá como **actividade de innovación educativa** —cunha equivalencia de quince horas de formación permanente do profesorado— a coordinación dos proxectos Voz Natura ao persoal docente de centros sostidos con fondos públicos dependentes da devandita Consellería. Así, ao final do curso, o/a coordinador/a de cada proxecto recibirá a súa correspondente **certificación**.

4 - Cada equipo participante implicarase no deseño, execución e seguimento dun proxecto medioambiental que deberá desenvolverse no centro educativo ou no municipio onde estea ubicado.

Inscricións

5 - A solicitude de participación realizarase utilizando o formulario de inscrición. Nel facilitaranse os datos relativos ao centro, nome do director, responsable do proxecto e lista de colaboradores, plan detallado de acción, calendario de actividades, relación de necesidades materiais, orzamento de actuación e permisos correspondentes.

As solicitudes de inscrición deberán presentarse antes do **15 de marzo do 2025**. A inscrición realizarase **mediante o formulario online aloxado na web do programa (www.voznatura.es)**. No caso de non ser posible realizalo deste xeito, poderase contactar coa organización do programa e buscar un sistema alternativo.



Aprobación de proxectos

6 - Un Comité Científico —integrado por destacados persoeiros do mundo da ciencia, a educación e a comunicación— seleccionará os proxectos en función da orixinalidade dos mesmos, o seu interese, a participación da comunidade educativa e a viabilidade. Examinará cada un e poderá formular cantas observacións considere oportunas, que deberán ser incorporadas ao proxecto definitivo.

7 - O Comité Científico cualificará os proxectos de 0 a 10 puntos, de acordo co seu nivel técnico científico e a súa cuantificación económica. Por cada punto outorgado, a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre financiará un 10% do traballo que se pretende realizar. Valoraranse especialmente aquelas **propostas de acción directa sobre o medio**, como recuperación de zonas degradadas; limpeza de ríos ou praias; plantacións de árbores e agricultura ecolóxica; fomento da reciclaxe, a redución e separación de residuos; protección da biodiversidade; desenvolvemento sostible; posta en valor e coidado do patrimonio etnográfico, etcétera.

8 - Nesta edición, darase especial protagonismo á **realización de accións contra a crise climática e a procura de solucións para mitigala**. Voz Natura propón aos participantes o desenvolvemento de actividades de acción directa sobre o medio que mitiguen consecuencias como a crecente deforestación dos bosques, a perda de calidade dos chans, o empobrecemento da diversidade biolóxica, o quecemento e acidificación dos océanos, a alteración dos ríos, a redución de emisións dos gases de efecto invernadoiro e da pegada ecolóxica.

Valoraranse igualmente as actividades de concienciación e sensibilización para promover a investigación e o coñecemento científico, desmontar mitos climáticos e loitar contra a desinformación, o fomento do transporte sostible, o uso de enerxías renovables, o aforro de auga e enerxía, a promoción do consumo responsable e de alimentos de produción sostible e de proximidade.

Ademais, como en todas as edicións do programa, terán cabida todo tipo de proxectos ambientais enfocados á protección e coidado dos ecosistemas, a promoción dos valores paisaxísticos e o patrimonio etnográfico, os roteiros didácticos pola natureza, a reciclaxe e a separación de residuos, os hortos escolares, as actividades de concienciación ambiental así como de acción directa sobre o medio.



Voz Natura convida tamén, aos centros e asociacións, a ser axentes ambientais activos socialmente, involucrando ás familias, contorna social e tamén ás entidades públicas e privadas co fin de conseguir os seus obxectivos.

9 - No mes de xuño do 2025, Voz Natura fará públicos no xornal La Voz de Galicia e na páxina web www.voznatura.es os proxectos aprobados e porase en contacto cos equipos seleccionados para comunicarlles a avaliación do Comité Científico e o financiamento concedido pola Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, así como para solicitarlles a relación definitiva e completa do material necesario para a realización dos proxectos.

10 - Ningún centro escolar poderá comprometer gastos a cargo do financiamento da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre antes de remitir a Voz Natura a citada relación de material e ser autorizado expresamente por escrito para realizar contratacións por un importe determinado. Nesta autorización hase especificar o procedemento para a realización das compras dos materiais solicitados. En ningún caso a axuda concedida se fará en metálico.

11 - Co fin de garantir a realización dos proxectos, a dirección de cada centro asumirá a responsabilidade, en última instancia, da súa total execución.

Desenvolvemento de Actividades

12 - O desenvolvemento dos proxectos comezará co inicio do curso escolar 2025-2026. A efectos de valoración final do proxecto, os centros deberán remitir a Voz Natura a **memoria final** do traballo realizado antes do **15 de maio do 2026**. Os centros responsabilizaranse da coordinación e da elaboración dos traballos e velarán porque o seu contido non sexa ilícito, ofensivo e/ou discriminatorio, nin lesione bens ou dereitos, incluídos dereitos de imaxe, de terceiros.

13 - O Comité Científico avaliará a actuación de cada equipo, o desenvolvemento dos traballos e os resultados obtidos. Estas avaliacións hanse ter en conta á hora de proceder á valoración dos proxectos e distribución dos premios cos que está dotado o programa e dos que se informará oportunamente a través dos medios da Corporación Voz de Galicia.



14 - O proxecto aprobado de forma definitiva non poderá ser modificado parcial nin totalmente sen a correspondente autorización previa da dirección de Voz Natura.

15 - Sen prexuízo da certificación á que, no seu caso, poidan ter dereito os coordinadores dos proxectos Voz Natura de centros sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, de conformidade coa cláusula 3 anterior, todos os equipos e centros representados no programa recibirán un diploma de participación emitido pola Fundación. Aqueles centros que, ao xuízo do Comité Científico, desenvolvan os proxectos de maior interese, recibirán uns premios que serán entregados nun acto público. Estes premios estarán suxeitos á lexislación vixente e, en particular, á normativa vixente en materia de retencións e pagos a conta.

16 - O feito de participar no programa implica a cesión en exclusiva polos autores á Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre dos dereitos de explotación sobre os traballos, incluíndo os dereitos de reprodución, recompilación en libro, transformación, distribución e comunicación pública, para todo o mundo, polo máximo prazo de tempo que recoñece a lei aos titulares dos dereitos e por calquera medio ou soporte, incluída Internet.

Disposición final

17 - Os participantes no programa Voz Natura, polo feito de participar, aceptan as presentes bases, así como as decisións que puidese adoptar a dirección de Voz Natura a efectos da interpretación ou resolución de cuestións non recollidas nas mesmas. As decisións do Comité Científico e o ditame do xurado calificador dos traballos son inapelables.

Protección de datos

18 - Infórmase de que o responsable do tratamento dos datos dos participantes no programa é a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, con dirección postal en Avda. da Prensa 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15143 Arteixo (A Coruña), teléfono: 981180180* e correo electrónico: lopd.fundacion@lavo.es. A Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre ten designada unha Delegada de Protección de datos, con correo electrónico: dpo@lavo.es.



Os profesores que desexen participar no programa deberán achegar os datos que se solicitan no formulario de inscrición. Os datos requiridos son necesarios para a súa inclusión no programa, en caso contrario non poderemos tramitar a solicitude.

A Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre tratará os datos dos profesores para a xestión e organización do programa, sendo a base legal para o tratamento destes datos a execución da relación contractual cos participantes.

Naqueles casos en que, no marco da súa participación no programa Voz Natura, os profesores dean acceso ou fagan chegar á Fundación datos e/ou a imaxe de terceiros para a realización, xestión ou divulgación do programa, con carácter previo comprométese a informar das presentes bases e a solicitar o consentimento dos interesados ou ben, no caso de que sexan menores de 14 anos, dos seus pais ou titores legais.

O nome e a imaxe dos participantes, así como o nome dos centros aos que pertencen, poderán ser obxecto de comunicación pública nas actuacións presentes ou futuras que poida levar a cabo a Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre, sempre que dita comunicación pública estea relacionada coa súa participación no programa ou coa publicación dos seus traballos -salvo que o autor solicite calquera modificación con arranxo á normativa vixente-.

Con idénticas finalidades ás sinaladas na presente cláusula, os interesados consenten expresamente a cesión dos datos que facilitasen para a súa participación no programa a La Voz de Galicia, S.A., editora do diario La Voz de Galicia e www.lavozdeg Galicia.es, e Voz de Galicia Radio, S. L.U., titular da emisora RadioVoz.

Salvando o anterior, non se realizarán cesións de datos persoais a terceiros, excepto no caso de que exista unha obrigação legal. Así mesmo poderán ter acceso a datos persoais os provedores (encargados do tratamento) da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre que necesiten acceder a datos para a prestación de servizos contratada que, a título enunciativo e non limitativo, prestan servizos nos sectores de servizos administrativos, xestión de sitios web; os provedores utilizarán os datos unicamente para a prestación do servizo e conforme ás instrucións da Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre. Pode pedir máis información a través de lopd@lavoz.es.



Os datos conservaranse mentres sexan necesarios para os fins para os que se solicitaron, e durante os prazos de prescrición previstos.

Os interesados poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e, no seu caso, portabilidade dos seus datos persoais, así como de oposición e limitación ao tratamento dos seus datos, dirixíndose á Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre a través da dirección de correo electrónico lopd.fundacion@lavoze.es, ou na seguinte dirección: Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre – Protección de datos, Avda. da Prensa 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15143 Arteixo (A Coruña), indicando os detalles correspondentes á súa solicitude e acreditando debidamente a súa identidade (e, no seu caso, representación).

Infórmase así mesmo ao participante de que ten dereito a obter información sobre o exercicio dos seus dereitos e/ou presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).